






## PRECISAN AS AVES A NOSA AXUDA PARA COMER?

Debido ao confinamento dos últimos meses, o noso medio natural está a sufrir grandes cambios , tanto para ben, como para mal.

É o caso das AVES que habitan nas cidades, xa que están vendo diminuír o seu alimento, aínda que en primavera dispoñen dunha variada oferta de alimentos naturais (froitos, insectos, flores...)



A comida aportada pola presenza de persoas na rúa, rara vez é adecuada para as aves (restos de comida). De feito, este motivo pode ser a causa da diminución do gorrión común.



SOCIEDADE ESPAÑOLA DE  
ORNITOLOXÍA

## QUE DEBEMOS TER EN CONTA Á HORA DE ALIMENTAR AOS PAXAROS?

### 1. UBICACIÓN

Os mellores lugares poden ser un **xardín**, un **patio** ou unha **terraza**. Nunca o situaremos preto dunha ventá contra a que poidan chocar.

### 2. A LIMPEZA É FUNDAMENTAL

Para reducir o risco de transmisión de enfermidades, debemos limpar o comedero **unha vez cada dúas semanas**.

### 3. ALIMENTA CON CALIDADE

Empregaremos **sementes**, preparados para aves silvestres ou pedaciños de **froita** madura.

### 4. TIPO DE COMEDEIRO

O máis recomendable é o tipo "**bandexa**". Hai aves que buscan o alimento no chan e outras nas pólas das árbores.

### 5. PROPORCIÓNALLES AUGA


Debe ser **renovada diariamente**. Temos que distinguir entre auga para **beber** e auga para **bañarse**.

### 6. PACIENCIA

As aves poden tardar en atopar o comedero, pero paciencia, rematarán por atopalo.

# DÍA MUNDIAL DO MEDIOAMBIENTE

5 DE XUÑO



CEIP PLURINGÜE ISIDRO  
PARGA PONDAL